



ENTREVISTA A ANTÓN RIVEIRO COELLO

Antón Riveiro Coello naceu en Xinzo de Limia no ano 1964, cursou dereito na USC (Universidade de Santiago de Compostela) e actualmente traballa na Xunta de Galiza. É un escritor con "poucos" anos de actividade literaria, pero cargados de relatos en libros colectivos e revistas literarias, así como unhas cantas novelas. Estas novelas levaron a Antón a se converter nun dos escritores galegos máis premiados da década dos noventa. Entre as súas obras podemos citar: A quinta de Saler, Valquiria, A historia de Chicho Antela, A esfínx de Amaranto, As rulas de Bakunin (a súa obra con máis éxito e sobre a cal está centrada a nosa entrevista).

Riveiro Coello visitou a Biblioteca Municipal o día 15 de maio para dar unha conferencia e alí foi onde aproveitamos para facerlle a seguinte entrevista:

Nós: Algúns autores din que para poder escribir un libro teñen que coñecer a fondo o ambiente, como ambientas ti a obra?

Antón: A única maneira que temos os escritores de vivir outras épocas é ou ben coa imaxinación ou ben falando con persoas que foron protagonis-

tas, e entón traballamos sobre memorias emprastadas, incluso fago nesta novela como se fosen memorias vivas, entón todo iso que me contaron dáme a sensación, coa miña imaxinación, de telo vivido. Está claro que a veces pódete achegar ou non, pero se tes a sorte de que os protagonistas da época che contan as cousas é máis fácil comprender como foi, despois podes ou non escribir todo o que che contaron, pero a veces o máis importante non é o que che contan senón o que calan. Ás veces aí é onde tes que, con un pouquiño de imaxinación e intuición, tratar de comprender a época. Está claro que canto máis saibas dunha época mellor che será situarte despois. (Riveiro parece querer facelo tan ben na súa resposta que se estende un pouquiño)

N: As Rulas ten moita parte real?

A: Por exemplo, (Antón mostrábase dubitativo) a voz en primeira persoa, que é quen escribe as cartas a Rosalía, iso é todo inventado. O asalto á casa cuartel de Oleiros está baseado na realidade, eu aí collín a prensa da época e deille un verniz literario. Ou, por exemplo, cando chega á Coruña, e todo iso está baseado na realidade, eu aí son só un narrador que conta o que ve. Sen embargo, cando falas en primeira persoa déixaste levar pola emoción e polo que ti pensas e acabalo transmitindo.

N: Na introdución comentas que non te fas responsábel de todo o que fan os personaxes, xa que nin ti o sabes todo sobre eles, como é posíbel isto se ti es quen os crea?

A: Hai unha cousa que dicimos todos os escritores e



é que os personaxes, ti crealos pero nunca fan o que ti queres, teñen certa independencia e certa autonomía. Iso parece un pouquiño de tolemia, pero a literatura, ás veces, ten iso, por exemplo eu teño determinado un personaxe que non dou matado polas circunstancias da novela e sei que se o mato destrúo a novela (referíndose a Suso Paradelo).

Sobre todo, digo que non me fago responsable polo que din algúns, porque hai personaxes cos non comulgo.

N: Cal e motivo polo cal levas 3 historias sen seguir a orde cronolóxica?

A: Esa estrutura mentalponse por enriba da miña vontade, sáame así e ese é o meu xeito de expresarme. Gústame moito experimentar e as estruturas fortes, con saltos temporais. Pode ter relación con certas estruturas do cine, ademais é porque eu creo que o lector non ten que ser un lector pasivo, e o mero feito de ter que ir seguindo o fío, faino participe da obra.

N: Canto tempo che levou escribir as Rulas?

A: Levoume 38 anos (E





ENTREVISTA A ANTÓN RIVEIRO COELLO

cóntanos unha anécdota), o traballo físico debeume levar arredor de 1 ano e 7 meses e outro ano de lectura sobre o anarquismo, prensa da época, falar coa xente..., pero prepararte para escribir unha obra lévache toda a vida.

A: A min gustaríame vivir do que escribo, pero na literatura galega é moi complicado facelo. Non sei se alguén poderá vivir diso, quizais xente como Suso de Toro ou Rivas. Por iso o resto dos escritores galegos temos que buscar outro traballo, sinxelamente porque non hai lectores suficientes.

Por exemplo das Rulas vai saír agora a quinta edición, iso é sobre 12000 libros, dos cales só recibimos un 10% dos dereitos de autor, e iso xa é un gran éxito na literatura galega.

N: Pódesnos contar cómo é un día na vida dun escritor?

A: É un día como o de outro calquera (Moi contundente coa resposta). Pola mañá vou traballar e polas tardes vou dar unha volta coas nenas e axúdoas ás veces no estudo. E despois aproveito o tempo para ler, é dicir, que pola semana non teño tempo para escribir. As horas que saco para escribir quítoallas á televisión e ao sono.

N: Por que elixiches esta temática? (Referímonos á das Rulas de Bakunin)

A: Polo azar, eu só quería escribir unha novela de amor. O que pasa é que coñecín a un historiador de Culleredo e deume toda a materia da época e pareceume ben. Eu quería facer unha historia de amor que atravesase todo o século pasado, é dicir, que pasase



pola República, a Guerra Civil...

N: Tes algún autor como referente ao que queiras imitar ou tentas facer algo totalmente novo e rachador?

A: Todos os escritores queremos, nun principio, imitar algo, a propia literatura é unha arte de imitación, todos cando nacemos queremos imitar. Eu, cando empecei a escribir, quería parecerme a García Márquez, hoxe non. Teño outra referencias, pero de tanto imitar acabas collendo o teu propio estilo. Algúns escritores din que o estilo non é bo, que non se debe notar, pero eu digo que si, que todos os escritores temos que ter o noso propio estilo. Pero, queiras que non, a túa literatura vai parecerse a algo porque é moi difícil facer algo novo, e ás veces o novo é o que primeiro morre.

N: Para este libro dixeches que atoparas a inspiración nun puticlub, volvíches alí algún día falto de inspiración?

A: Non pero si me gustaría volver alí para ver a venezolana aquela que era realmente fermosa (na conferencia falounos de que a inspiración para As rulas lle viñera un día que fora cos colegas a un puticlub, e que alí vira a unha

venezolana preciosa). Pero calquera sitio é bo para atopar inspiración.

N: En xeral, como foron as críticas sobre As Rulas?

A: Case unanimemente boas, e sobre todo tivo moita aceptación entre o público. Ademais estase empregando moito no ensino, cousa que eu descoñecía.

N: Tes moitos proxectos para un futuro a curto prazo?

A: Estou facendo unha novela, sobre outro personaxe xa coñecido que aparece na Quinta de Saler e en outras das miñas novelas, que é Suso Paradela do cal xa vos falei antes. E non son capaz de matalo....

N: Grazas pola entrevista e sorte para o futuro.

A: De nada. Até Logo.

Estas son as palabras de Riveiro Coello, un gran escritor que nos deu unha conferencia moi interesante, sobre a súa vida e a súa obra *As rulas de Bakunin*, e moi distendida (poida que en certos momentos e aspectos un pouco distendida de mais.....)

ÁNGEL C. CABADO
MARCOS S. CARRICABA
ALBERTO VILARIÑO T.